

3º CICLO

FAMILIAS

A ARTE DE LER



Las aventuras de Ulises. Gerónimo Stilton.


Ed. Planeta

Estdes listos para afrontar unha viaxe extraordinaria xunto a Geronimo Stilton e o lexendario heroe Ulises? Navegaredes por mares tempestuosos, visitaredes terras descoñecidas y atoparedes criaturas misteriosas, entre perigos e emboscadas espeluznantes!

Nata y chocolate.

Alicia Borrás Sanjurjo, Ed. Anaya

Sonia é unha nena calada, triste e solitaria. Os seus compañeiros métense con ela por ser albina; insúltana, desprézana..., Lola incluso a obriga a facerlle os deberes. Ninguén parece reparar en todo esto ata que unha nova profesora chega ó centro.



Aventuras de la mano negra.

Hans Jürgen Press, Ed. Planeta

«Un grupo de amigos se reúne á saída do colexio para levar a cabo investigacións detectivescas. Catro historias que invitan ó lector a participar no xogo de pistas que, a través do entramado do texto e as ilustracións, se lle van presentando.



Historia de la pintura.

José Antonio Marina e Mingote, E. Espasa

Un percorrido pola historia da pintura que nos aportará unha nova forma de entender a pintura.

Magnificamente ilustrado cos debuxos de Antonio Mingote.



Bésame mucho

Carlos González, E. Temas de hoy


Invita a educar como antes, con amor, colléndoos nos brazos, aloumiñándoos...

Por que os nenos non queren durmir sós?, Por que 'teñen ciúmes?, Por que teñen rabietas?, Por que choran?, Por que chaman a nosa atención? É un libro ameno, divertido, e especialmente didáctico, onde atopar mil e unha respostas.

Cantares gallegos

Rosalía de Castro, E. Austral

Os 37 poemas son, a 1ª vista, a interpretación dos costumes socio-culturais galegos e a exaltación da beleza xeográfica e folclórica que conmovía á autora. Ademais, algunhas composicións afirman con forza o sentimento autóctono, completando a dimensión



Guía de aves para descubrir en familia.


M. Rial & A. Domínguez, Vox

Manual de campo para decubrir aves e paxaros pola cor e forma da súa plumaxe, pola súa silueta no voo, polo canto... Presenta as 50 variedades máis comúns

El ABC de arte para niños

E. Phaidon

30 dos artistas máis destacados ensinan ós nenos a entender e desfrutar a arte. Dende Leonardo coa Gioconda ata Warhol con Marilyn. As obras van acompañadas dun texto claro e conciso, que invita a contemplar a peza con detemento. Concebido para a lectura familiar. Inclúe datos e anécdotas sobre os artistas e a súa obra, e inxeniosas asociacións de ideas.



«Unha pintura é un poema sin palabras»



Horacio

Biblioteca de Rubiáns

<http://bibliotecarubians.blogspot.com>

FAMILIAS

Geronimo Stilton

LAS AVENTURAS DE ULISES

DESTINO

Ed. Planeta

Carlos González

**BESAME
MUCHO**

CÓMO CRIAR A TUS HIJOS
CON AMOR



9

Carlos González, E. Temas de hoy

SOFA DE LIBROS

Alicia Borrás Sanjurjo

Nata y chocolate

Ilustraciones de Anuska Alifan





ANAYA

Biblioteca de Rubiáns

Una Historia del Arte para niños
Conociendo a los grandes maestros

AVENTURAS DE
«LA MANO NEGRA»

MARÍA LUJÁN PÉREZ

Ilustraciones:
 Helen Morgan Price

Nuevas Ediciones

<http://bibliotecarubians.blogspot.com>


ED. INFANTIL

1º CICLO

2º CICLO

La vaca Sara

Rodney Rhoades, E. Almadraba




A vaca Sara aínda non sabe nadar; de feito, dalle medo a auga. O polbo Paulino animaa e lle da as súas primeiras clases de natación. Pouco a pouco sentírase máis segura na auga e fará novos amigos. Unha historia perfecta para axudar aos máis pequenos a perderlle o medo ó auga e a aprender a nadar.

A tartaruga que quería durmir

R. Aliaga & Cimatoribus, E. OQO

A tartaruga vai durmir todo o inverno. Cando xa está na cama van chegando os seus amigos con agasallos.

Resulta moi positivo achegar personaxes que viven a noite con tranquilidade para superar os medos.



El árbol presumido

Nicoletta Costa, E. Almadraba (Hermes)

El árbol Juan es muy feliz porque cada día le sale una hoja nueva. Es tan presumido que no deja que nadie se le acerque, por miedo a que le estropeen las hojas.

O soño de Matías

Leo Leonni, E. Kalandraka

A arte éo todo para Matías. A súa primeira visita a un museo cámbialle a vida e ábreille as portas a un mundo de formas e cores para plasmar os seus soños sobre lenzos. e servirlle para enfocar as súas aspiracións.



A illa do tesouro.

Robert Louis Stevenson, E. Bahía

Un día de moito vento, alguén peta na porta do "Almirante Benbow" a pousada dos pais de Jim Hawkins. É un vello pirata que garda no seu cofre un gran segredo: o mapa do capitán Flint! O mapa da illa do tesouro! Comeza a aventura!

Quiero ser bailarina

Harriet Castor, E. Beascoa

Sempre soñaches con ser unha GRAN bailarina? Ana e as súas amigas bailarinas vanche explicar todo o que necesitas saber sobre a danza: como son las zapatillas, a roupa, como aprender os pasos básicos e que facer para bailar nun escenario. Aprende todo lo que hay que saber sobre plié y pasos a dos.



Fala de obras tan coñecidas como O lago dos cisnes ou O Crebanoces.



Adivinanzas para jugar


Nathalie Pons, E. Vox

Un libro prar xogar e un xogo para aprender. Selección de adiviñas cheas de inxeño para que xoguen e aprendan ó mesmo tempo. O libro ven nunha caixa con 22 fichas para xogar a descubrir o resultado da adiviña.

Carlota y Monna Lisa

James Mayhew, E. Serres

5 pintores de Italia do Renacemento cobran vida para Carlota nesta 3ª aventura nun museo. Por que sorrí Mona Lisa? Carlota quere averigualo e por iso se introduce no cadro de Leonardo. Pero Mona Lisa non se sente nada feliz e Carlota tenta animalala...con resultados desastrosos!



Will Moogley: Hotel de cinco espectros


Pierdoménico Baccalario, Ed. Molino.

Will Moogley, un xove pálido cun look casi vampírico, se dirixe á axencia de alquiler de pantasmas situada no último piso dun rañaceos herdado do seu tío Alvin, unha pantasma bronceada, grazas ó sol de Hawái, onde vive). É un mal día. Menos mal que se vai abrir un hotel nun pobo cercano á cidade e precisan pantasmas.

Los dos mundos de Zoe

Ana García Siñeriz, Ed. Destino

A banda de Zoé diríxese a París para vivir unha gran aventura! Ó seu pai caeulle unha moi gorda. É o principal sospeitoso do roubo dunha obra de arte... A Banda teno moi claro: teñen que ir a París para desenmascarar ó verdadeiro ladrón.



Construtores. Animais extraordinarios

X. Gutiérrez & N. Fdez., E. Kalandraka

Invitación para entrar nas casas de certos animais, ás que os humanos raramente temos acceso. Visita polos niños, tobos e goridas máis espectaculares, permitíranos coñecer aspectos que nos deberían mover emocionalmente para comprendelos, respetalos e protexelos.

Mi libro de arte

Ed. Blume

Introducción á historia e ós estilos de arte para nenos. Observa os detalles das obras de grandes artistas, e descobre como as crearon. Inclúe máis de 50 ideas de proxectos inspirados no traballo dos grandes maestros, con instrucións sinxelas e fotografías paso a paso para crear as túas propias obras, incluíndo mosaicos, esculturas e collages.

